



Marcos Vázquez Marey. Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo

Modernización do agro

► HAI QUE MIRAR CON CARIÑO E REALISMO O QUE SE VE: MOITA TERRA ABANDONADA E UN DESPOBOAMENTO ATROZ DAS ZONAS RURAIS, OU SEXA, XUSTO O CONTRARIO DA TERRA E DA XENTE EN HARMONÍA

Alguén se atreve a dicir que significa isto da modernización do agro? Eu non. Agora ben, a crear opinión e traballar arreo por se a inspiración xorde, que ninguén dubide que si. De feito, comezo cun convite a que toda a xente que pensamos ao redor do asunto como “ferramenta de futuro”, o fagamos desde o traballo serio e baseado en tres piares que considero fundamentais: a humildade, o exemplo e a flexibilidade.

Querendo fuxir das “modas” e mudar os hábitos incluso á hora de falar das cousas, á mantenta, repito “ferramenta de futuro”, ou dígoo máis forte, “única ferramenta de futuro”, se do futuro de Galicia se trata. É que a palabra “sostible” pode limitar calquera idea a escala temporal humana e non esquezamos que o universo, en xeral, buscará a forma de sosterse sen importarlle demasiado as nosas visións inclinadas ao curto prazo ou ao *fast and furious*.

Falar do “agro” e de modernizalo empeza logo cun problema de definición porque na actualidade se fala máis ben de “rural”, incluso do “campo”; entón, para tentar chegar a un consenso entre todas as expresións, talvez poderíamos falar de terra e de xente, e engadirlle harmonía. Terra e xente en harmonía: pode ser esta unha forma de agro moderna? A min paréceme que si e para chegar a esta conclusión non fai falla ser nin Castelao, nin Cervantes, nin sequera saber mirar en Internet os datos do Instituto Galego de Estatística ou do Eurostat, simplemente hai que mirar con cariño e realismo o que se ve: moita terra abandonada e un despoboamento

atroz das zonas rurais, ou sexa, xusto o contrario da terra e da xente en harmonía.

En todo o que diga neste artigo de opinión, que ninguén pense que se trata de buscar culpables, nin responsables da situación na que nos atopamos, como moito, pensar en que todos temos podido facer algo máis, cada quen no seu marco de actuación; agora ben, iso si, pedir por favor que non se oculte a realidade ou se fomenten tópicos, que poden resultar perversos para que o sistema rural do noso territorio, xa moi débil, se volva perigosamente vulnerable.

A ruptura total cos tópicos pode ser un punto de partida firme; pensar en que os labregos e as labregas de todos os tempos foron baluartes da nosa sociedade e da nosa cultura podería mudar pola imaxe falsa de que foron os que non valeron para outra cousa. Esta xente foi labrega, carpinteira, maquinista, ferreira...; foron nais, pais, emigrantes, forneceron a outros sectores de man de obra seria e traballadora, fomentaron o emprendemento e, como saben, podería seguir. Na actualidade, un labrego ou unha labrega ten que saber producir para o mercado, ou sexa, saber comprar e vender e, para iso, saber calcular doses de fertilizante, darlle un tratamento a un animal, calibrar o software do tractor ou tramitar as axudas da PAC; por enriba, todo baixo a presión dese ente que chaman “mercado” e que esixe cada vez máis transparencia e trazabilidade, pero a baixo prezo. Alguén pensa que todo isto é doado? Quen fica no campo non é que se deba adxectivar de heroe ou heroína potencial, pero

► QUEN FICA NO CAMPO
NON É QUE SE DEBA
ADXECTIVAR DE HEROE
OU HEROÍNA POTENCIAL,
PERO SI MERECE UN FORTE
RECOÑECIMENTO
POR PARTE DO RESTO
DA POBOACIÓN

si merece un forte recoñecemento por parte do resto da poboación, como medida de fomento da súa propia autoestima. Ademais, se de modernidade se trata e nela se pensa ao respecto de investimentos (outra cousa é se foron acertados ou non), o agro galego nos últimos cincuenta anos foi capaz de poñerse á altura tecnolóxica dos *top* europeos; para entendela, pensen que nos anos 60 do século pasado se empregaba o arado romano, con tecnoloxía de había 2000 anos e, na actualidade, úsanse os mesmos tractores que na Bretaña francesa, por exemplo. Ou non? E, a maiores, os labregos e as labregas galegos –e iso sábeo moi ben o sistema bancario (convidados quedan a premiar este dato)– son dos que mercan coa única intención de pagar.

O traballar con intelixencia emocional o currículo educativo das poucas altas por nacemento que temos de nenas e nenos, desde a idade 0, ata que rematan a universidade, pode ser outro factor clave. Alguén ve imposible implantar no sistema educativo unha materia troncal que fale do medio rural e dos beneficios que produce vivir nel e vivir del? Miren que non leva voltas este sistema e aparecen materias con nomes, por dicilo dalgunha maneira, inverosímiles. Pregúntome tamén: onde van os milleiros de estudantes, con carreiras vinculadas en moitísimos casos, procedentes de casas de labranza e que viron como estas se pechaban e en moitos casos se abandonaban? Talvez nos centros de ensino superior se poida formar máis para a produción, para que aumenten as posibilidades de que xente con formación de excelencia se incorpore ao rural e traballe desde a perspectiva que lle dá a formación de excelencia.

Con 45 anos que teño, levo escoitado falar toda a vida da modernización do agro, investir diñeiro público para conseguilo, presumir de logralo..., pero a realidade é teimuda e non entende de propaganda nin de *marketing*. O *fast*, ao que non logramos impoñernos, lévanos a non ser capaces de pensar a medio prazo e xa non digamos a longo. Nestes 45 anos observei como as “oficinas de extensión agraria” se converteron en oficinas de servizos administrativos de tramitación, os “sindicatos” en xestorías e a prensa está, demasiadas veces, ao servizo do que manda, non do que é mandado.

Xa para ir rematando, non quixera pasar por alto o tópico de que a xente que está no rural percibe moitas axudas: FALSO. Non quero explicar aquí o porqué de cobrar axudas, mais sería interesante que o que lanza este tópico daniño ao ambiente se informase en profundidade para descubrir ata que punto estaba en descoñecemento da realidade. CERTO que a repartición das axudas ten certos desequilibrios e moi pouca xente percibe o groso do conxunto destas, pero, en todo caso, a maioría inmensa dos labregos e das labregas galegos perciben un paquete de axudas moi xusto, ou máis ben escaso, polo beneficio xeral que producen. Lémbrese que falamos de comer e, con seguridade, os labregos e labregas non teñen ningunha culpa de que os que perciben axudas inxustas en cantidade manden en quen as distribúe.

Propúxenme nestas palabras non nomear datos, que son fríos, e estas non son letras científicas, mais pretendo provocar reflexións ao respecto de porqué, pese a intentalo, e seguramente con boas intencións, conseguimos xusto o contrario ao desexado: terra abandonada e que cada vez menos xente traballe no rural. Todos e todas podemos facer un pouco máis por mellorar a situación e, se o facemos, os resultados serán positivos seguro. Non vivamos de costas ao rural, nin a persoa máis *urbanita* debe facelo, porque, se en Galicia o agro, o campo, o rural, ou chamémoslle “a terra e a xente”, non consegue a harmonía necesaria, o conxunto social resentirase, non se sabe ata onde.

Unha forte aperta chea de enerxía e ganas de traballar para poñernos de acordo en que facer para modernizar o agro. ■